



Concello do Porriño

BASES DO II CONCURSO DE RONDALLAS:

Primeira.- A Concellería de Festexos do Concello do Porriño organiza o II Concurso de Rondallas que terá lugar o día 1 de xaneiro de 2020, ás 18:00 h, no Pavillón Municipal de Deportes do Porriño.

Segunda.- Neste concurso poderán participar todas aquelas agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120.

O número máximo de agrupacións participantes límitase a 10 (dez). Como único criterio de selección establécese a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello do Porriño. Terán sempre preferencia as agrupacións locais independentemente da orde de inscrición.

Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas calquera que sexa a causa.

Terceira.- As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, no impreso normalizado que se achega ás bases, dende o 2 ao 13 de decembro de 2019, ambos inclusive. Así mesmo, deberase acompañar coa inscrición unha certificación bancaria e fotocopia compulsada do CIF ou NIF segundo proceda.

As bases publicitaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local nos días previos ó comezo do prazo e estarán a disposición dos/as interesados/as no citado rexistro e na páxina do Concello: <https://oporrino.org/>.

Cuarta.- Os premios do concurso serán os seguintes:

PRIMEIRO CLASIFICADO: 1.500 euros.

SEGUNDO CLASIFICADO: 1.000 euros.

TERCEIRO CLASIFICADO: 500 euros.

Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.

Quinta.- As agrupacións participantes realizarán, previo ó inicio do concurso e na mesma orde de actuación, un pasarrúas de trinta minutos polas seguintes rúas da vila: Praza do arquitecto Antonio Palacios, Rúa Antonio Palacios, Rúa Doantes de Sangue, manténdose neste último lugar á espera da entrada ó concurso.

No caso de suspensión dos pasarrúas por choiva, concentraranse na mesma orde e horario no Pavillón Municipal de Deportes do Porriño.

Sexta.- A orde de actuación no Pavillón Municipal de Deportes do Porriño das rondallas inscritas decidirse mediante un sorteo que se realizará na Casa do

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9GWC9MNGKDSK3KQZ265TTKRQ | Corrección: <http://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Porriño

Concello, o día 16 de decembro ás 12:00 horas. Recoméndase que a este sorteo acuda un/unha representante de cada rondalla inscrita.

Sétima.- Cada agrupación disporá dun máximo de 12 minutos para realizar as interpretacións que estime oportunas.

O tempo dispoñible computarase dende o momento no que as agrupacións comecen a interpretar a primeira peza e finalizará unha vez a/o última/o compoñente abandone a pista onde se leve a cabo a actuación.

Oitava.- Estabelécense as seguintes penalizacións por exceso de tempo:

10 puntos.- polo primeiro minuto ou fracción

20 puntos.- polo segundo minuto ou fracción

30 puntos.- polo terceiro minuto ou fracción

Descualificarase inmediatamente a unha agrupación nos seguintes casos:

- ✓ cando o exceso de tempo supere os tres minutos;
- ✓ cando figuren na pista menos de 40 compoñentes;
- ✓ cando entre os seus compoñentes ou concursantes, figuren "majorettes".

Novena.- Os himnos oficiais dos estados e das comunidades autónomas non poderán ser incluídos nos repertorios que executarán as rondallas participantes.

Décima.- A rondalla gañadora do concurso terá que actuar un día a convir por ambas as partes, a organización e a agrupación, durante as festas de Nadal nas rúas do Concello do Porriño.

Décimo primeira.- O xurado do concurso cualificará entre 0 e 16 puntos cada unha das agrupacións, valorando os seguintes elementos:

a) Criterios relacionados coa cultura tradicional e popular galega (valoración máxima 10 puntos):

- Instrumentación musical tradicional: máximo 4 puntos
- Repertorio musical: máximo 4 puntos
- Vestimenta de toda a rondalla: máximo 2 puntos

b) Outros criterios (valoración máxima 6 puntos):

- Evolución e coreografía en pista: máximo 2 puntos
- Instrumentación musical xeral: máximo 1 punto
- Número de compoñentes: de 40 a 60 - 1 punto; de 61 a 80 - 2 puntos; de 81 a 120 - 3 puntos.

Décimo segunda.- O xurado do concurso, nomeado por resolución da alcaldía, estará composto polos seguintes membros, en número impar:

Presidente/a: a alcaldesa-presidenta ou persoa en quen delegue.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9GWC9MNGKDSK3KQZ265TTKRQ | Corrección: http://oporriño.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Porriño

Vogais:

- Dúas persoas relacionadas coa música, danza, etnografía, folclore ou cultura tradicionais galegos.
- Dous representante/s do Concello.

A composición deste variará para obter, en todo caso, un número impar de membros con voz e voto.

Secretario: un funcionario do Concello do Porriño, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso que se achegan no anexo a este convenio.

O presidente do xurado dispón tamén de voto de calidade para resolver os posibles empates.

O recuento dos votos das distintas agrupacións levarase a cabo unha vez tódalas rondallas rematen as súas actuacións.

Décimo terceira.- A concelleira de Festexos mailo xurado do concurso quedan facultados para resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.

Décimo cuarta.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases. A decisión do xurado será inapelábel.

Porriño, 25 de novembro de 2019

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: 9GWC9MNGKDSK3KQZ265TTKRQ | Corrección: <http://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3



Concello do Porriño

II CONCURSO DE RONDALLAS

Solicitud de inscripción

A.- Datos da persoa solicitante ou representante da entidade:

1º Apelido	1º Apelido	Nome	
Rúa, praza...	Número	Piso	Letra
Localidade	Código Postal	NIF	
Teléfono:			

B.- Datos da entidade para a que se solicita a inscripción:

Denominación			
Rúa, praza...	Número	Piso	Letra
Localidade	Código Postal	NIF ou CIF	
Teléfono:			

Datos Bancarios

Entidade	Oficina	Número de conta
----------	---------	-----------------

(Imprescindible achegar certificación bancaria e fotocopia do CIF ou NIF)

Número total de participantes que a integran:

Porriño, 25 de novembro de 2019

O/A solicitante

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño, na data indicada na marxe.

Concello do Porriño

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579